

FORMACIÓN DO PLURAL

1. Palabras rematadas en vogal ou ditongo: engaden **-S**

mesa – mesas irmá – irmás israelí – israelís bocoí – bocoís

2. Palabras rematadas en -r e -z: engaden **-ES**

calor – calores cor – cores luz – luces

Os estranxeirismos adecúanse á regra xeral, a non ser algúns casos de palabras pouco integradas, que poden forma-lo plural engadindo **-S** (*póster – pósteres / pósters*)

3. Palabras rematadas en -s e -x [ks]

- Agudas acabadas en **-s**: engaden **-ES** (*deus – deuses*)
- Rematadas en grupo consonántico (incluído [ks]): permanecen **invariables** (*luns, fax*)
- Graves e esdrúxulas: **invariables** (*choromicas, lapis, mércores, clímax*)

4. Palabras rematadas en -n: engaden **-S**

can – cans lambón – lambóns

5. Palabras rematadas en -l

- Monosílabos: engaden **-ES** (*fol – foles, ril – riles*)
- Agudas de máis dunha sílaba: substitúe **-L** por **-IS** (*animal – animais, aval – avais, cadril- cadrís, fiel – fieis, cruel – crueis, caracol – caracois, aerosol – aerosois*)
As compostas en que o segundo elemento é un monosílabo, engaden **-ES** (*ollomol – ollomoles, chuchamel – chuchameles*)
- Graves: engaden **-ES** (*áxil – áxiles, útil – útiles*)

6. Palabras rematadas noutras consoantes (a maioría estranxeirismos e cultismos): engaden **-S**

sándwich – sándwichs club – clubs álbum – álbums

EXERCICIOS

• Escribe o plural de:

cónsul	baúl	infíel	descontrol	español
fol	perexil	ferrocarril	inútil	sutil
táctil	cóctel	coronel	central	cruel
caracol	xoves	mirasol	réquiem	lei

• Corrixe os plurais incorrectos dos textos seguintes:

- Os alelís son flores moi bonitas.
- Os reises medievales vivían en castelos fortificados porque moitos nobres non respectaban as leises de obediencia ó rei.
- Os rubís son pedras preciosas.
- Hai que supera-los tabúes ilóxicos.
- Fracasaron tódalas súas ambiciós.
- Recibiu moitos parabés polos seus éxitos.
- Case que non podía cos calzois de canso que estaba.
- Ten na casa dez álbums de fotos.
- Na adega hai dous bocoies con viño novo.
- Tiña moitos papeis na mesa.
- Non me gustan estes peixes, déame daqueis ollomoles.